

# Percepcións do alumnado de Bacharelato sobre as enxeñarías: por que aínda non é unha opción para elas?

- **Investigadora responsable:** María M. Álvarez Lires
- **Equipo investigador da Universidade de Vigo:** María Álvarez-Lires, María Eulalia Agrelo-Costas, Azucena Arias-Correa, María Lorenzo-Rial, Uxío Pérez-Rodríguez, Mercedes Varela-Losada, Francisco Serrallé-Marzoa
- **Investigadoras en formación:** Tamara Amorín de Abreu, Carla Blanco Pérez, Rocio Araujo Álvarez
- **Traballo de campo:** Xabier Álvarez-Lires

## PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN

- Por que hai tan poucas mulleres nos estudos e profesións relacionadas coas enxeñarías?
- Cales son as razóns da diminución de interese das rapazas en acceder a eses estudos?

## METODOLOXÍA

- Revisión de literatura especializada
- Recompilación de datos oficiais sobre presenza de mulleres nos estudos de enxeñaría
- Realización de seis entrevistas a alumnas de segundo curso do Bacharelato científico
- Organización de dous grupos de discusión: un de alumnas e outro de alumnos de segundo curso do Bacharelato científico
- Análise dos resultados
- Elaboración de conclusións e propostas

## A PRESENZA DE MULLERES NOS ESTUDOS DE ENXEÑARÍA ESTÁ EN DESCENSO

(OCDE, EUROSTAT, INE, Ministerio CIU, Xunta de Galicia, Universidades do SUG)

- **Sistema Universitario español:** 24,9% de alumnas en enxeñarías. No 2016 eran o 25,5%
  - **Sistema Universitario de Galicia:** UdC: 22,6 %; USC: 24%; UVIGO: 23,3%
  - **Enxeñaría informática:** 13%, 15% e 11% respectivamente
- Hai paridade en Enxeñaría de procesos químicos industriais cun 50% e en Enxeñaría de deseño industrial cun 52%.

- **Enxeñaría química:** descendeu desde o 60% antes do sistema de Graos ata o 38% actual.
- Hai diminución apreciable nas porcentaxes de mulleres respecto ás antigas enxeñarías técnicas da mesma ou semellante denominación.

## AS ENXEÑARÍAS ESTÁN LONXE DO UNIVERSO VITAL DAS ALUMNAS

- Persiste o determinismo bioloxista no discurso: “mulleres sensibles” e aptas para os coidados *versus* “homes duros e aptos para a abstracción e a tecnoloxía”.
- As alumnas non perciben a desigualdade. Afirman elixir “libres” de influencias externas, pero apuntan á socialización diferencial (xoguetes) e distinta orientación cara a estudos futuros.

### IDENTIFICACIÓN HOMES

A súa contorna: profesorado, compañeiras, compañeiros e familia consideran que se trata de estudos e profesións adecuadas para eles.

Todas as calidades que se supoñen inherentes ao traballo enxeñeril atribúenas inmediatamente ao seu sexo e a eles mesmos.

A responsabilidade dos coidados considérase cousa de mulleres. O relevante papel das mulleres sanitarias e coidadoras na pandemia da COVID-19 é practicamente invisible para os alumnos participantes nesta investigación.

A súa experiencia previa nas tecnoloxías é a “adecuada” desde os primeiros xogos e xoguetes. Así o afirman os alumnos-

Nos centros educativos reciben orientación cara a eses estudos.

Os seus iguais realizaron importantes logros neste ámbito, son homes os que os acollerán na universidade e dispoñen de modelos en abundancia.

Contratar a un home é o “natural”.

A identificación é total. Todo está preparado para a elección.

### DESIDENTIFICACIÓN MULLERES

A súa contorna: profesorado, compañeiras, compañeiros e familia consideran que se trata de estudos e profesións non adecuadas para elas.

Non se lles atribúe ningunha das calidades que se supoñen precisas para desempeñar un traballo de enxeñaría.

A súa contorna asígnalle a responsabilidade dos coidados. O relevante papel das mulleres sanitarias e coidadoras na pandemia da COVID-19 so o mencionan dúas alumnas participantes nesta investigación.

A súa experiencia tecnolóxica previa no ámbito doméstico non se valora e, ademais, é invisible. As alumnas non a perciben como tal.

Ninguén as asesora e, máis ben, as desorientan respecto a eses estudos.

As súas iguais non fixeron nada relevante neste ámbito, son homes os que as acollerán na universidade e os modelos femininos brillan pola súa ausencia.

Van ter problemas de contratación nas empresas polo feito de ser mulleres.

Sofren un proceso de deterioración da autoestima e de “desidentificación”, como consecuencia da “ameaza do estereotipo”. Diríxense cara a outros estudos e saídas profesionais nas que poidan alcanzar éxito.

## “FAGAMOS QUE AS MULLERES ACCEDAN ÁS ENXEÑARÍAS” NON ABONDA PARA MUDAR A SITUACIÓN

- É preciso desvelar o sistema patriarcal dominante e o androcentrismo presente en todas as disciplinas e institucións.
- É necesario elaborar un informe de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO), desde unha perspectiva feminista, con datos harmonizados, que examine a situación das institucións educativas no referente ao androcentrismo que impregna todas as disciplinas, ámbitos e institucións, a fin de adoptar medidas de mudanza do *status quo*.
- Como elemento de esperanza salientaremos os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 (ONU, 2015), entre os que se inclúe por primeira vez na historia o Obxectivo 5, Igualdade de Xénero. Malia as insuficiencias da Axenda 2030 en materia de Igualdade de Xénero (ONU Mulleres, 2018), o controvertido significado de Desenvolvemento Sustentable e a non obrigatoriedade do seu cumprimento para os diferentes países, saudamos a súa existencia, que fai visible un problema que afecta a toda a humanidade e non ás mulleres en exclusiva.